



Rexistro de usuario SciFinder® versión web


INTRODUCCIÓN Para acceder e poder utilizar a versión web de SciFinder® é necesario rexistrarse como usuario creando un “username” e “password” propios. Para isto cómpre cubrir un formulario que se abre ao picar na URL de rexistro creada polo administrador de SciFinder® da universidade.

*Nota: para completar o formulario é necesario acceder dende unha **dirección IP do dominio usc.es***

Logo de enviar of formulario debidamente cuberto, CAS enviará unha mensaxe de correo electrónico con instrucións para completar o proceso de rexistro. **O enderezo de correo electrónico debe pertencer ao dominio de correo da USC: usc.es**

ACCESO Á PÁXINA DE REXISTRO

1. Acceda ao formulario de rexistro a través da URL creada polo administrador de SciFinder®.
2. Picar en “Next”



INFORMACIÓN DE CONTACTO

1. Cubra o formulario cos datos de contacto. Aínda que só o nome e o enderezo de correo electrónico son obrigatorios, toda a información adicional que poida proporcionar servirá para que CAS entenda mellor as necesidades dos usuarios, permitindo así mellorar os seu produtos e os servizos que ofrece.
2. Especifique un “username” e un “password”

O “username” debe ser único e conter entre 5 e 15 caracteres. Pode conter só letras, unha combinación de letras, números e/ou os seguintes caracteres especiais:

- - (guión)
- _ (guión baixo)
- . (punto)
- @ (arroba)

O “password” debe conter entre 7 e 15 caracteres e cumprir, polo menos, tres das seguintes condicións:


- Letras
 - Combinación de maiúscules e minúsculas
 - Números
 - Caracteres non alfanuméricos: (@, #, %, &, *)
3. Seleccionar unha pregunta de seguridade do menú despregable e proporcionar a resposta.
 4. Picar en **“Register”**

--CONTACT INFORMATION--	
First Name:	<input type="text"/>
Last Name:	<input type="text"/>
Email:	<input type="text"/>
Confirm Email:	<input type="text"/>
Phone Number:	<input type="text"/>
Fax Number:	<input type="text"/>
Area of Research:	<input type="text" value="Select one"/>
Job Title:	<input type="text" value="Select one"/>


--USERNAME AND PASSWORD--	
Username:	<input type="text"/> Tips
Password:	<input type="password"/>
Re-enter Password:	<input type="password"/>

--SECURITY INFORMATION--	
Security Question:	<input type="text" value="Select one"/> Why?
Answer:	<input type="text"/>

Unha mensaxe indicarlle que recibirá un correo electrónico de CAS no enderezo de correo-e indicado ao rexistrarse. Lembre que este enderezo debe pertencer á USC.



COMPLETAR O PROCESO DE REXISTRO 1. Abra e lea a mensaxe de correo electrónico de CAS



2. Se acepta as condicións de uso de SciFinder®, pique no enlace contido na mensaxe de correo para completar o proceso de rexistro (este enlace só será válido durante 48 horas, logo deste tempo tería que comezar de novo o proceso de rexistro) e abrírase unha páxina cunha mensaxe de confirmación.

Registration for SciFinder® is Complete

You have successfully completed the registration process.

To sign in to SciFinder®, click the link below.

<https://scifinder.cas.org/scifinder>

3. Para empezar a traballar co SciFinder® pique no enlace (<https://scifinder.cas.org>) que aparece na páxina de confirmación. Se non pode traballar inmediatamente con SciFinder® é posible que sexa debido a que todas as licencias da versión web estean en uso nese momento. Ténteo máis tarde.